

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE APROBA A ORGANIZACIÓN DO OBRADOIRO DE INICIACIÓN AO BAILE TRADICIONAL GALEGO “COMO BAILAR NUN SERÁN” DO CAMPUS DE PONTEVEDRA PARA O PRIMEIRO CUADRIMESTRE DO CURSO 2024/2025.

A Vicerreitoría do campus de Pontevedra posúe capacidade para organizar cursos, obradoiros, conferencias, así como aquelas actividades que teñen como obxectivo, entre outros, a difusión do coñecemento e da cultura a través da extensión universitaria e a formación, en virtude das facultades que lle outorgan a Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario, e o Decreto 13/2019 de 24 de xaneiro da Xunta de Galicia polo que se aprobaron os estatutos da Universidade de Vigo.

Tendo en conta o anterior, esta reitoría, **RESOLVE:**

1. Anunciar a celebración do obradoiro “Iniciación ao baile tradicional galego: como bailar nun serán” para o primeiro cuadrimestre do curso 2024/2025 no campus de Pontevedra, con suxeición ás bases que figuran no Anexo I.
2. Ordenar a publicación da presente resolución no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/>

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Pontevedra na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación (R.R. do 30/05/2024, D.O.G. do 10 de xuño)

A vicerreitora do campus de Pontevedra

Eva María Lantarón Caeiro



ANEXO IOBRADOIRO DE INICIACIÓN AO BAILE TRADICIONAL GALEGO “COMO BAILAR NUN
SERÁN” DO CAMPUS DE PONTEVEDRA” PARA O PRIMEIRO CUADRIMESTRE DO CURSO
2024/2025

OBXECTIVOS E TEMÁTICA:

O obxectivo deste curso de iniciación ao baile tradicional galego será dobre: por unha banda aprender o imprescindible para poder participar de maneira activa e divertida nunha foliada e pola outra, axudar a gañar forma física, xa que o baile é un exercicio físico aeróbico cunha certa esixencia. Así, achegarse á muiñeira e á xota, os dous ritmos soltos do noso baile tradicional. Aprender os seus pasos base: picados, cortes, pasos saltados, adiante-atrás, patadas e couces.

Cóñecer as regras que rexen a combinación dos pasos base para convertelos en puntos, como se estrutura a muiñeira e a xota, coas súas similitudes e diferenzas.

Ao mesmo tempo, terán cabida neste curso os principais ritmos agarrados: o pasodobre e o valse, sen esquecer como se leva e como hai que deixarse levar.

Para saber de onde vén o que se aprende, proxectarase algún corte de recollidas realizadas polo territorio galego dende mediados da década dos oitenta ata a actualidade. Todas as sesións comezarán cun quecemento, irase subindo a esixencia física progresivamente, tendo sempre en conta a forma física das persoas participantes, e rematarase cos estiramientos imprescindibles e necesarios para evitar sufrir lesións ou dores musculares.

O curso impartirase en dúas sesións diarias de hora e media cada unha. A profesora encadrará ás persoas participantes en dous grupos, un de INICIACIÓN e outro de CONTINUACIÓN en función das súas habilidades e destrezas en baile tradicional galego.

PROGRAMA:

1. Introducción ao baile tradicional galego
2. Introducción á muiñeira
3. Muiñeira II
4. Muiñeira III
5. Introducción á xota
6. Xota II
7. Xota III
8. Introducción ao pasodobre
9. Pasodobre II
10. Pasodobre III
11. Introducción ao valse
12. Valse II
13. Valse III
14. Proxección en ensaio
15. Ensaio Libre



DATAS E HORAS:
Xoves, de outubro a decembro de 2024:

Outubro: 3, 10, 17, 24 e 31
Novembro: 7, 14, 21 e 28
Decembro: 5, 12 e 19

Os días 13 e 20 de decembro haberá dúas clases teóricas de dúas horas de duración cada día adicadas á recollidas de danzas tradicionais.

De 16:30 a 19:30 horas (os días 13 e 20 de decembro de 16.00 a 18.00 horas)

TOTAL HORAS: 40

LUGAR: Será comunicado ás persoas participantes en función do número de matrículas.

DOCENTE: Montserrat Rivera Crespo (Montse Rivera)

PRAZAS: 30

TAXAS DE MATRÍCULA: 40 euros: para o público en xeral.

As persoas pertencentes aos grupos determinados no acordo do Consello de Goberno da Universidade de Vigo de 24 de xaneiro de 2023 sobre consideración de persoa vencellada á universidade de Vigo en relación coas actividades de extensión universitaria, terán as seguintes reducións segundo ao grupo a que pertencen:

- 26 euros: membros da comunidade universitaria da UVigo (grupo A) e colectivos do grupo B (redución do 35% sobre o prezo da matrícula)
- 32 euros: Colectivo do Grupo C (redución do 20 % sobre o prezo da matrícula)

INFORMACIÓN E MATRÍCULA:

campusactivo.uvigo.gal PRAZO MATRÍCULA:

- Comunidade universitaria da UVigo (grupo A) e colectivos do grupo B: 8 PRAZAS.
 - o Desde as 9,00 horas do 24 de setembro ás 23,59 horas do 25 de setembro.
- Persoas que realizaron este obradoiro no curso 2023/2024: 22 PRAZAS máis as vacantes do prazo anterior.
 - o Desde as 9,00 horas do 26 de setembro ás 23,59 horas do 27 de setembro.
- No caso de quedar vacantes; todas as persoas en xeral.
 - o Desde as 9,00 horas do 30 de setembro ás 23,59 horas do 1 de outubro.



Información sobre Protección de datos:

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou "RXPDP") e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos que vostede nos facilite na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de xestionar a convocatoria do obradoiro "Iniciación ao Baile Tradicional Galego: como bailar nun serán" para o primeiro cuatrimestre do curso 2024/2025 no campus de Pontevedra".

Coa súa participación nesta convocatoria a Universidade de Vigo publicará os seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, e conforme ás bases desta resolución.

Non obstante e co fin de previr riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, dita circunstancia deberá comunicala a persoa afectada coa maior celeridade posible á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo ao teléfono 986 813419 ou ao enderezo electrónico igualdade@uvigo.es.

Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados

durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos.

Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Os devanditos dereitos poderá exercelos mediante solicitude en sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/> ou solicitude dirixida ao Reitor da Universidade de Vigo e presentada ante o rexistro da Universidade de Vigo, ou calquera dos rexistros indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para máis información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>.

Igualmente poderá dirixir dita solicitude directamente á Delegada de Protección de Datos da Universidade de Vigo, ao enderezo electrónico: dpd@uvigo.gal.

Así mesmo, se a súa solicitude non é atendida pola Universidade de Vigo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

